

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS SELECCIONADAS E EXCLUÍDAS NO MARCO DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NO CURSO INTENSIVO COMBINADO (BIP), *THE PRINCIPLES OF GOOD GOVERNANCE AND REGIONAL DEVELOPMENT* NO MARCO DA ACCIÓN DE MOBILIDADES DE CURTA DURACIÓN DO PROGRAMA ERASMUS+

O 22 de xaneiro de 2024 publicouse a resolución reitoral coas listaxes definitivas de solicitudes admitidas a trámite na convocatoria de axudas para a asistencia e participación no curso intensivo combinado (BIP), *The Principles Of Good Governance And Regional Development*.

De acordo co previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e rematado o prazo de presentación de enmendas, esta Reitoría

RESOLVE:

1. Publicar a listaxe definitiva de persoas seleccionadas no Anexo I.
2. Publicar a listaxe definitiva de persoas excluídas no Anexo II.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O REITOR,
Por delegación R.R. do 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)
A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño

